

O MAGO DE BAGUDE
- DO DOCTOR SAÁ AO CONDE DE WALDEMAR-

Na parroquia de Santo Tomé de Bagude, concello de Portomarín, provincia de Lugo, no ano 1885 naceu don Manuel Rodríguez Saá, un galego da nosa diáspora que nas primeiras décadas do século XX, sería o mago máis relevante no mundo da maxia. Faleceu no ano 1984, no lugar o Penedo, parroquia de Narón. Cando tiña 99 anos vivía coa ilusión de acadalos cen. Un ilusionista de semellante categoría e non foi posible que rematara a derradeira ilusión da súa vida!

Sendo moi novo instalouse en Lugo e facía de neno dos mandados, era frecuente velo cunha sella na cabeza, levando auga, cunha caldeireta de leite na man ou cun fardo nas costas, fregando pisos e pelando patacas, sempre coa finalidade de gañar cartos. Ó acadar os dezoito anos xa exercía coma camareiro.

Cando cumpríu os vinte anos chamárono a filas e tivo a sorte de que ,o destinaran a Madrid, para face-lo servizo militar.

Según versións da familia, non coinciden con exactitude, as circunstancias de como chegou a Paris, a máis probable, según parece, é que na cidade de Madrid durante unha tempada, instalouse un circo francés, entón el asistía ás sesións circenses que podía, dese xeito coñecer persoas do espectáculo que, conscientes da vocación de don Manuel, levárono a Paris, onde se formou nas artes da maxia: Prestidixitación, transmisión de pensamentos, ilusionismo e hipnotismo, nunha academia de maxia.

Todo parece indicar que fixo as primeiras actuacións en Paris, logo pasou a Arxentina, onde tiña familiares próximos, e iniciou a súa traxectoria profesional, co nome artístico de DOCTOR SAÁ.

Nas primeiras décadas do século XX acadou a fama de ser o mellor mago do mundo, gozou da amizade de figuras de lenda no mundo da maxia: Houdini, Frakson.....Foi mestre de magos lexendarios coma Lamber e Fu Manchú. Éste, nunha actuación que tivo na cidade de Lugo, visitou o Doctor Saá, en Bagude. Nunha entrevista que Traperó Pardo, amigo nunca esquecido, lle fixo a tan brillante mago, éste fixo un auténtico canto de louvanza, no que destacou as fascinantes calidades, nas artes da maxia do Conde de Waldemar, facendo fincapé en que fora seu mestre. Durante a devandita entrevista, facendo alusión o noso mago, Fu Manchú exclamou: Marabilla, marabilla!

Percorreu os cinco continentes, espallou a maxia en 69 países, gañando popularidade en cada actuación, e onde acadou un éxito apoteósico foi nos Estados Unidos, nese país esa ciencia era obxecto de moita admiración. Lémbrome que nas súas charlas falaba con moita admiración de China e Xapón. Dase a circunstancia de que no derradeiro recibiu o propio Emperador Hiro Hito. Como veremos noutra apartado a foto desa recepción salvoulle a vida.

A maior parte das actuacións tiñan lugar en países estranxeiros, sen embargo, con frecuencia visitaba España e, nunha destas viaxes, visitou os familiares de Bagude. Como coincidira coa celebración das festas patronais agasallou aos veciños cunha inolvidábel actuación, baseada nun dos mellores traballos do seu variado repertorio, “Barman de Satán”, cuxo argumento consistía en que, cun xarro de auga, invitaba aos espectadores á bebida que lles apetecera, anís, coñac, licor.....Transformando o líquido elemento na bebida solicitada. O pobo de Bagude alucinaba, uns dicían que Manuel estaba posuído do demo, outros opinaban que Deus lle concedera o don da sabiduría. O Doctor Saá, na súa terra natal, bañouse na gloria. Endexamáis Bagude

voara tan alto coma naquela noite meiga, asolagada de embruxo, misterio e fantasía. Nese recuncho galego saltou un raio de luz que se espallou por tantos e tantos países dos cinco continentes. As brisas de Bagude invadiron e perfumaron de maxia as salas de espectáculos de moitos países do mundo.

Pasados moitos anos fixou a residencia nos seus eidos de Bagude, o mesmo que facía nas frecuentes visitas á súa terra, viña moito a vila de Taboada, onde era unha persoa entrañablemente querida –non debemos esquecer que o noso concello mailo de Portomarín están xunguidos nunha agarimosa aperta- e gozaba da simpatía de cantos taboadeses ó coñecían, incluso, con frecuencia, pernoitaba na vila. Lémbrome de que un ano, con motivo da celebración das festas patronais, na honra da Nosa Señora dos Milagres, os ramistas invitaron a don Manuel a que brindara unha das súas actuacións aos taboadeses. El rexeitou a petición nos seguintes termos: Todos sabedes o moito que amo o pobo de Taboada, e son consciente de que tamén son amado, pero no exercicio das artes da maxia é necesaria moita precisión que, polos moitos anos, desgraciadamente, eu xa non teño e, por nada do mundo, non desexo defraudar unha xente que tanto aprecio; desexo que me recorden como fun, non como son.

Nunha das viaxes que fixo por Asia, casou cunha viuva de Filipinas, ela posuía unha inmensa fortuna, ademáis formaba parte da aristocracia dese país, e tiña fillos.

Cando os xaponeses atacaron as Filipinas houbo moitos bombardeos, nun deles destruíron parte da vivenda do matrimonio, unha mansión de luxo, en Manila, pero no seguinte ataque finou a dona do Conde de Waldemar, para máis infortunio éste caeu prisioneiro dos atacantes e tomárono por espía e intentaron fusilalo; non obstante, el suplicou as autoridades militares que na súa casa tiña probas da súa inocencia, efectivamente, mostroulles aquela foto que coservaba daquela data da recepción co Emperador Hiro Hito, nese intre xa quedou en liberdade. Coméntase que as malas noticias veñen unhas tras outras, o mesmo cas procesionarias. Xa viuvo, os fillos da dona non lle facían ningún caso, a pesar de que naqueles tempos era mundialmente famoso, a sensación de vacío facíase insoportáble, entón abandonou a casa, para non voltar nunca máis.

Despois dunha brillante intervención perante da Súa Maxestade, Alfonso XIII, éste concedeuulle o título de Conde de Waldemar. A partir dese acontecemento trocou o nome artístico de Doctor Saá, polo de Conde de Waldemar; nembargantes, era tanta a fama acadada polo primeiro que lle fixo compañía até moito máis alá da morte.

Un día de conversa cun bo amigo contoume que o seu avó fora moi amigo do don Manuel Rodríguez Saá e que, na súa casa conservaba unha foto, enmarcada nun cadro, do Papa Pío XI, coma recordo de cando recibíu en audiencia ao DOCTOR SAÁ. No pé de foto hai un texto manuscrito, coa bendición da Súa Santidade. Seguen firmas ilexibles maila data da recepción, 3 de agosto, ano 1.932. Contoume ademais que, naqueles tempos, un primo do avó, don Serafín Carballo, era cura párroco de Bagude;



sabedor da amizade reinante entre o mago mailo avó, para que éste tivera un bo recordo, agasallouno coa devandita foto. Dado o desenrolo dos acontecementos parece probable que don Serafín, coma cura párroco, fixera compañía a don Manuel na recepción do Papa. Desa posibilidade non hai constancia. Algún parente afirma que don Serafín amosara moito interese por esta visita, pero de que lle fixera compañía nese acontecemento non tiña coñecemento.

Don Manuel, persoa humilde, sinxela, de escaso bagaxe cultural, talento natural, de privelexio, cunha dimensión humana, digna de encomio.....un auténtico museo de calidades excepcionais, carácter aventureiro, un home de mundo para o mundo que cos nomes artísticos de Doctor Saa e Conde de Waldemar fixo historia no mundo da maxia.

Non se concibe cun persoeiro de semellante categoría non forme parte do rueiro da fermosa vila de Portomarín, exhibindo calquera dos seguintes textos: MAGO DE BAGUDE, DOCTOR SAÁ, CONDE DE WALDEMAR, constando en acta o nome que lles corresponde, para que se conserve a través do tempo e quede constancia para

futuras xeracións. Endexamáis debemos esquecer que o pobo que non honra aos fillos é un pobo sen historia, e sen identidade propia.

Por outra banda, na lápida da tumba onde repousan os restos de don Manuel Rodríguez Saá, debíase engadir unha placa de bronce co texto do título deste relato.

Anécdotas curiosas.- Nunha das moitas visitas que don Manuel facía a terra natal, Bagude, atopouse de fronte cunha muller, de nome Maripepa, veciña dun lugar da parroquia, que, en canto ó coñeceo, exclamou: Ai, Manuel! Lémbreste de cando andabamos xuntos coas cabras, no monte?

Como non vou recordar –respondeo Manuel-, pero mira, Maripepa, iso non llo contes a ninguén, porque non favorece nada a miña traxectoria profesional.

Precisamente un deses días que estaba a garda-las cabras, para pasa-lo tempo escribía nunha lousa, neses intres pasou un trapeiro que observou o rapaz, vendo ó que facía, díxolle: “Escribe, neníño, escribe, cando ti sexas mestre eu serei rei.”

Naquela época o concepto da relación planta-testo era bastante subxectivo na interpretación, agora, na actualidade, xa é moito máis obxectivo, no recoñecemento de que canto máis pequeno é o testo, se ó desenrolo da planta é substancial, máis mérito ten.

Unha persoa que, por méritos propios, amosa unhas calidades artísticas privelexiadas, para ser recibido , agasallado

por un Rei, Alfonso XIII; un Emperador, Hiro Hito; un Papa, Pío XII, indubitablemente, exhibía unha tarxeta de presentación que non é tan doado acadar, unha proxección tan exitosa só está ó alcance dos elixidos, expresión fidedigna da grandeza dun artista que, sendo pastor de cabras, co paso do tempo, acadou a gloria, expoñendo as artes da maxia nos mellores escenarios dos cinco continentes, de xeito que, nas tres primeiras décadas do século XX, acadou a consideración de se-lo mellor mago do mundo.

Cando eu tiña vinte anos traballaba de mancebo na farmacia de Taboada, e tiveron o privilexio de atender moitas veces o devandito mago de Bagude, era cliente habitual e lémbrome de que era unha persoa encantadora, de carácter algareiro, co ese selo característico de home de mundo, contaba que el acadara moita fama tanto en España coma no estranxeiro e, nas súas conversas, falaba moito de China e Xapón, onde acadara grandes éxitos. Ao longo da miña vida sempre me recordei da súa amabilidade e sentín por el moito agarimo e simpatía. Namoraba escoitalo

Aínda que hai xa 26 anos que finou, vivíu moito tempo xubilado na súa terra natal, Portomarín. Frecuentemente facía moitas visitas a nosa vila, moitos taboadese ó coñecían, sendo moi querido por tódos. Era un home tan extrovertido e tan locuaz que era un verdadeiro pracer a súa compañía, namoraba coas súas aventuras. Non intento facer un relato biográfico de tan importante mago, sencillamente trato de expoñer tres actuacións, por suposto, con carácter anecdótico e intención divulgativa.

Na vila de Taboada, corrían os derradeiros anos da primeira metade do século pasado, gozaba de moita fama unha das casas máis coñecidas no devir da nosa vila, “Casa Toxeiro”, solar dunha tenda onde se vendía de todo, até daban camas e servían almozos, coma responsable do funcionamento da mesma, unha persoa entrañable, un home honesto, educado, agarimoso, ponderado.....cunha dimensión campechano por natureza, unha persoa excepcional, un home de fiar, cumpridor do deber na súa actividade profesional, até o extremo de que para tódolos taboadeses e forasteiros que visitaban a nosa vila, el era tío de todos, por algo era coñecido coma, “TÍO PEPE”, unha institución da nosa vila. O Mago de Bagude, máis dunha vez, me confesou a moita estima que lle tiña a tan entrañable personaxe.

Xa naqueles tempos existía un servizo dobre de Autocares que facían as rutas Lugo-Ourense; Ourense-Lugo, a cargo da Empresa La Directa. Como sabemos Taboada está emprazada xustamente na metade do percorrido. A parada dos autocares tiña lugar fonte a a devandita “Casa Toxeiro” Por iso o propietario do establecemento era tan coñecido por cantos facían ese servizo e viaxaban con frecuencia nesa rota.

Coma testemuña fidedigna das súas habilidades no mundo da maxia, a continuación, expoño tres actuacións do inesquecible mago de Bagude:

-MISTERIOSO ANEL-

Esmorecendo unha tarde de verán estabamos un grupo de mozas e mozos onde facía a parada a “Directa”, pero tamén había persoas que esperaban o autocar, entre elas o Mago de Bagude. Para mata-lo tempo de espera, considerando que o noso protagonista era un home moi activo, dirixíuse os presentes, do xeito seguinte:

Partindo do suposto de que todos temos algo de idea do que é a prestidixitación, desexo poñer un exemplo, namentres non chega a Directa, pero para iso é necesario un voluntario que me deixe unha prenda, reloxo, moeda, anel, cadea.....váleme calquera obxecto, pero é conveniente que se teña en moita estima e que sexa unha peza de valor. No noso grupo había unha mocíña de quince anos que lucía un bonito anel, ela confiou no mago, sen pensalo dúas veces, sacouno do dedo, logo entregoullo.

Éste colocouno na man e mirouno detenidamente con especial atención, namentres exclamaba: Fermoso anel! Deseguida amosouno ante tódolos asistentes, logo meteuno nun fardelo pequeno, despois atouno ben cun atadallo e comezou a machacalo e pisalo a tódolos xeitos, dando a impresión de que esmagaba o anel, deseguida no fardelo xa non había contido, desatouno, puxo o mesmo boca abaixo e sacudiuno ben, non había nada, de nada, o anel xa non estaba. A pobre da rapaza case choraba, dáballe medo quedar sen a súa xoia, non imaxinaba que puidera perdela, cando todos nos preguntabamos: Onde estará o anel? Todos buscabamos o mesmo, por aquí e por alá, pero non aparecía por ningures.

Neses intres o Mago mandou un SOS: Poida que buscara refuxio na espiteira desa mocíña! -sinalando a rapaza que deixara o anel-.

Coma un lóstrego, nun acto reflexo, a interesada meteu a man nas tetas e alí estaba o seu anel.

Contenta, sorprendida e feliz, exclamou: Como raio mo metería aquí!

Cando o autocar se puxo en marcha, o Mago, coa man estendida díxonos, “adeus!”, pero, na man só amosaba tres dedos.

-O BILLETE DE MIL PESETAS-

Un día de tantos o mago pernoitou en Taboada, na casa do Tío Pepe, no alborear do día saltou da cama, para almorzar e colle-la Directa que rubía para Lugo e, como lle sobraba tempo. parouse do conversa co Tío Pepe, costume que seguía dende había varios anos. Cando se decatou de que a Directa estaba a pasar, preguntou canto debía, o dono que sabía o prezo de memoria, xa o momento lle deu a conta. Deseguida, o mago decatouse de que había unha resma de papel de estraza, sobor do mostrador, ante o asombro do Tío Pepe, colleu un pedazo de papel dunha folla, enguedellouna entre as mans, ata que fixo coma unha pelota que, con moita habilidade desenguedellou, comezou a estirla e sacou un billete de mil pesetas, pranchado coma se fora novo,

tirouno enriba do mostrador, mentres dicía: Cóbreme dese billete ¡Tío Pepe!, Sorprendido o bo do home colleo o billete entre as mans e miraba por un lado e polo outro e logo, coma quen non quere a cousa. facía un estudio exhaustivo do mesmo, pensaba, plenamente convencido: Este bergallo págame o almorzó cun pedazo de papel de estraza, pero eu teño que dar moitos cartos! Desconfiando dixo; Mire unha cousa, don Manuel, non teño suficiente para darlle as voltas, xa me pagará outro día!

Neses intres chegou a Directa, entón o Mago achegouse o Tío Pepe e díxolle na orella, polo baixiño: O billete é legal, son mil pesetas auténticas, non sexa tan desconfiado, non confunda certos conceptos, a dignidade coa maxia e, a realidade coa fantasía. Nunca esqueza, Tío Pepe, que o mago de Bagude non engana a ninguén e moito menos un amigo coma vostede. Xamáis paguei nada con papel de estraza! Pero, tranquilo, pido perdón, só quixen armar unha trangallada. Como tiña moedas no bolso déixolle o importe do almorzó enriba do mostrador e rubiu o autocar, coma se nada pasara.

-A CESTA DE OVOS-

Nos tempos dos que estamos a falar, especialmente no medio rural, había moita xente que gustaba de asistir as feiras da bisbarra, para o Mago de Bagude había tres as que, salvo forza maior, non faltaba nunca: Portomarín, o nove de cada mes; Monterroso, o día primeiro e Taboada, o vinte.

No amencer do día primeiro, o Mago botouse da cama para viaxar a feira de Monterroso, coma de costume. En canto chegou decidiu dar unha volta pola feira, a observación de todo era unha das súas debilidades. Despois de visitar todo o recinto feiral, parouse ao carón dunha muller que tiña unha cesta de ovos a venda. Don Manuel que, como sabemos, era un argalleiro do diaño, entrou en conversa coa señora, dicindo. Sabe que estes ovos teñen boa pinta. Cantas ducías trae na cesta e canto vale cada ducia?

Verá, Señor! –respondeo a señora- A ducia custa seis reás, e na cesta veñen dez ducias.

Moi amábel, señorriña! –afirmou o Mago -Seguramente lle merque a totalidade, pero desexo asegurarme de que son tan bos como pintan. Colleo un ovo da cesta e cascouno. Increíble! Saíu un peso de prata, unha moeda de cinco pesetas daquela época. Entón o Mago, ante o asombro da señora, dixo: Son tan bos como pensaba, están todos por meus!

A señora que non daba creto a canto estaba vendo, de súpeto, exclamou: Ai, señorriño, amosándose moi excitada, alá ven o meu home, antes de saír para a feira, díxome que se vendía os ovos que xa me mataba o momento! Coa mesma colleo a cesta dos ovos e marchou co ela pola feira arriba.

O Mago por unha banda esnaquizábase coa risa, polo ben que fixera a montaxe daquela argallada, pero por outra lamentaba a decepción da pobre muller. El quedouna velando e observou como deixaba o recinto feiral e se metía nunha xesteira, para que ninguén puidera vela.

Xa pasara máis dunha hora cando a pobre muller baixou polo campo da feira, chorando desconsoladamente, coa devandita cesta completamente baldeira. En canto chegou preto do Mago berroulle : Vostede señor, arruinou a miña vida, o mellor ovo que había na cesta colleuno e quedouse co el, agora sei que é verdade que se me pillu o meu home márame, e con razón. Ai, meu Deus, sen ovos e sen cartos!

Entón o Mago, consternado polo sufrimento daquela muller, tranquilizouna do seguinte xeito: Señora, non chore máis! Non era a miña intención, nin siquiera remotamente, causar a súa desgraza, díxenlle que os ovos estaban por meus, pero vostede ficou co eles e cascounos na xesteira, algo que eu non calculei, pero poña atención, eu cumpo coa miña palabra: Dez ducias a seis reás son sesenta reás, que lle entrego nestes intres. Con frecuencia a maxia esixe certos sacrificios.

Ai, señoriño! –exclamou a muller- Vostede é un mensaxeiro de Deus!

Señora, eu non son mensaxeiro de ninguén, eu son o Mago de Bagude, escoite canto lle digo: O meu desexo é abri-lle os ollos as persoas, para que non se deixen enganar por falsas promesas, e saiban que a avaricia non é boa compañeira.

As apariencias enganan, as cousas son como son, non como nós desexamos que sexan ou como nos parece que son. Ninguén da os pesos a catro pesetas, e lémbrese de que as pitas poñen ovos, pero non pesos de prata. Convénzase, señora, ninguén agasalla polo feito de agasallar. Son consellos do Mago de Bagude!

Na miña lembranza, unha persoa entrañable, con admiración e agarimo dedícolle os seguintes versos que: son tan pequeniños que case non se ven:

O Conde de Waldemar,
premio de Alfonso XIII,
un Mago para soñar
que na historia se mece.

Sócrates Rigueira Ramos. (Outubro, 2011)